

Capítulo VI

A modo de resumo

I.- O descubrimento do xenocidio

Na primavera de 1945, a liberación dos campos occidentais impide e até deforma a toma en consideración da “Solución Final”. As imaxes de Buchenwald e de Dachau resumen as políticas mortíferas do Reich, incluído o xenocidio xudeu. Na memoria dos contemporáneos, o mundo concentracionario alemán é sinónimo de desespero absoluto. Sen embargo, a imaxe amosada impide imaxinar que poida existir algo peor, e de feito, non existe nin imaxe nin reportaxe ningunha dos centros de morte masiva da “*Aktion Reinhardt*” e dos masacres levados a cabo polos *Einsatzgruppen*.

A memoria que se impón, ten que ver en primeiro lugar cunha realidade *física*: os superviventes xudeus son menos numerosos cós demais. En Francia, volveron o 59% dos deportados chamados “políticos” en 1945, fronte ao 3 % dos superviventes xudeus. En Bélxica, o 5 % dos repatriados de 1945 son xudeus, pero os xudeus representaron máis do 38 % da xente deportada¹⁶¹.

A partir de 1945, e durante quince anos, Buchenwald convértese no lugar símbolo da deportación. Auschwitz aínda non é o lugar central que chegará a ser grazas á memoria colectiva e ao traballo histórico. Pero a ocultación do xenocidio e a dificultade de captala a través da traxedia da deportación non se debe unicamente á falta de imaxes e ao feito de ser unha realidade xeográfica afastada. Débese á difícil cuestión da identidade xudía que daquela non se presentaba nos mesmos termos cá na actualidade. Tamén ten que ver coa imposibilidade de pensar a aridez absoluta (o “morto por nada”) do acontecemento. Finalmente, e sobre todo, á falta de referencias intelectuais que puidesen permitir deducir unha historia coñecida, como o dos masacres da poboación civil para percibir unha nova realidade coma a do xenocidio e a do crime contra a humanidade. Durante a guerra, os concentracionarios *ven* o destino específico dos xudeus, pero

¹⁶¹ De catro mil novecentos dezaioito nenos xudeus menores de quince anos deportados dende Bélxica a Auschwitz, volven cincuenta en 1945, que representa a porcentaxe de 1'1%.

non o *pensan*. Ven a *matanza* masiva, pero non *pensan* ao *xenocidio*. Alén das recuperacións políticas da memoria colectiva, xoga o seu papel o desfase entre a percepción do real e a súa inintelixibilidade.

O caso dos reporteiros da BBC que entran en Bergen-Belsen, liberado en abril de 1945, é sintomático a este respecto: aínda que había entre corenta mil e sesenta mil xudeus detidos, non fan a menor alusión a eles. Non se trata de que exista un antisemitismo larvado ou pasivo, senón unha imposibilidade por abrazar unha realidade que rompe coas imaxes clásicas dos desastres da guerra.

II.- A destrución dun mundo

1. Valoración en cifras.- Aínda que Himmler ordenase o fin das operacións de exterminio en novembro de 1944, os massacres continúan coas “marchas da morte” e mesmo proseguen até os primeiros días de maio de 1945¹⁶². A mortalidade segue sendo moi importante despois da liberación¹⁶³.

É difícil facer balance porque as contas alemás non son exhaustivas (tal é o caso das dos *Einsatzgruppen* e da “*Aktion Reinhardt*”), co agravante de que se destruíron moitos arquivos, comezando pola documentación existente na oficina de Eichmann. En marzo de 1943, un estatístico da SS, Richard Korherr, establece o resultado da “Solución Final” nun documento de dezaseis páxinas. Fecha as estatísticas o día 31 de decembro de 1942, e engade seis páxinas adicadas aos tres primeiros meses de 1943. Despois disto, non vai haber ningún documento con cifras, elaborado polas propias fontes alemás. Non existe ningún resumo que dea conta dos anos 1944 e 1945 e ademais, como consecuencia do afundimento do Reich nos últimos meses de 1944, non se volve a realizar ningún cómputo máis.

En Nuremberg, no mes de novembro de 1945, o comandante SS, Höttl di que foran asasinados seis millóns de xudeus, segundo lle dixo Eichmann en Budapest a finais de agosto de 1944. O Tribunal militar internacional de Nuremberg recolle esta cantidade, pero quince anos máis tarde, Eichmann durante o seu propio xuízo, fala desta vez de cinco millóns de vítimas¹⁶⁴. En xuño de 1945, o Instituto para Asuntos Xudeus dos Estados Unidos sitúa o número de vítimas en cinco millóns seiscentas setenta mil persoas (datos tirados dunha compilación de documentos), e ao

¹⁶² Mauthausen foi liberado polos americanos o 5 de maio de 1945.

¹⁶³ Entre o 15 de abril (data da liberación do campo) e o 31 de outubro de 1945, morren en Bergen-Belsen trinta e un mil prisioneiros.

¹⁶⁴ A cantidade que el adianta non supoñía daquela unha novidade: xa llo mencionara ao capitán SS Dieter Wisliceny durante unha conversación que supostamente mantiveran cara a finais da guerra.

ano seguinte o Congreso Xudeu Mundial calcula a cantidade de cinco millóns novecentas setenta e oito mil vítimas.

Retomando estes cálculos e as fontes dispoñíbeis e mais procedendo por subtracción como fai Raul Hilberg, o resultado en número de vítimas oscila entre cinco e seis millóns de xudeus asasinados, dos cales a maioría son orixinarios de Polonia¹⁶⁵ e da URSS. Isto é, dous terzos do xudaísmo europeo e preto do 40 % do xudaísmo mundial. A estrutura demográfica do mundo xudeu queda afectada para varias xeracións e tamén queda alterado o equilibrio entre os seus diferentes compoñentes: mentres que antes de 1939 o centro da Diáspora se situaba en Europa do Leste, agora bascula cara á América do Norte e o futuro Estado de Israel¹⁶⁶ que se van erixir como dous novos centros.

2. Os superviventes.- Aos superviventes aínda lles queda ler na ollada dos demais o que se fixera con eles cando volven aos lugares en que ás súas vidas normais quedaran brutalmente inmovilizadas. Teñen que seguir vivindo despois da vontade sistemática de exterminio e encarar a culpabilidade do “supervivente”: “Por que eu?”. Os nenos agochados cuxos pais non voltaron terán que seguir vivindo coa idea de que nos lles dixeran “adeus”.

En maio de 1945, Europa conta con case catorce millóns de “desprazados” dos cales, varios centos de miles son xudeus. Catrocentos mil xudeus polacos obteñen a autorización para saír da URSS, a metade deles están “na súa casa”. Pero os pogroms de Cracovia en 1945 e de Kielce en xullo de 1946¹⁶⁷, déixanlles poucas ilusións: cen mil volven marchar unha vez máis ao Oeste, sobre todo, Alemaña e Austria, chegando aos campos de “persoas desprazadas” organizados polos americanos. Aí se atopan douscentos cincuenta mil xudeus axudados polo *Yishuv* que chegara alí en decembro de 1945 e por organizacións xudías americanas de asistencia, entre as cales figuraba o *Joint* americano. Pero quedan tamén catrocentos mil xudeus en Romanía, douscentos mil en Hungría e Checoslovaquia, máis de douscentos mil en Francia, uns cincuenta mil en Bulgaria e corenta e dous mil en Italia.

Estes campos alimentan o éxodo: os emisarios sionistas do *Yishuv* organizan redes de pasaxe cara a unha Palestina aínda fechada á emigración xudía. Con todo, entre 1945 e 1948, conseguen chegar¹⁶⁸ a Palestina oitenta

¹⁶⁵ A comunidade xudía de Polonia, viveiro do xudaísmo, queda practicamente destruída: cincocentas mil persoas morreron nos guetos, seiscentas mil durante as execucións masivas e preto de un millón noventa mil nos centros de aniquilación.

¹⁶⁶ O porvir do sionismo non só está comprometido como o entende Ben Gurión, senón que tamén muda xeograficamente, porque a partir da guerra é cando os xefes sionistas comezan a descubrir os xudeus dos países musulmáns.

¹⁶⁷ Como os pogroms húngaros de Kummadrás e de Miskolc, en 1946.

¹⁶⁸ Dos cales setenta mil son ilegais vidos de Europa transportados en preto de cento cincuenta barcos clandestinos.

e tres mil persoas. O traballo que realizan neste momento as organizacións xudías e os emisarios do *Yishuv* é considerábel. En xaneiro de 1945, os emisarios sionistas fundan en Polonia a organización *Ha Brikha* (A Fuxida) para permitir a pasaxe dos superviventes cara ao *Yishuv*, mentres que algúns meses máis tarde, a brigada xudía palestina establece un primeiro contacto cos superviventes. O xefe do movemento sionista, David Ben Gurión, visita en outubro de 1945 os campos de refuxiados en Alemaña co fin de enrolar os superviventes¹⁶⁹. O *Joint* leva a cabo, paralelamente, un traballo de axuda ao refuxiado. Naqueles casos máis evidentes de hostilidade, os xudeus son separados dos seus “conciudadáns” (o contrario da política británica que agrupa os refuxiados segundo criterios de pertenza nacional), mellóranse as racións alimenticias e autorízase a legalidade da acción humanitaria *dentro* dos campos.

Do total dos douscentos cincuenta mil xudeus presentes nos campos de refuxiados, cento corenta e dous mil chegaron a Israel, setenta e dous aos Estados Unidos, dezaseis ao Canadá e uns vinte mil a outros países. Pero o Reino Unido, segue a manter a mesma política discriminatoria con respecto aos refuxiados xudeus cá durante a guerra¹⁷⁰.

III.- Os xuízos¹⁷¹

Hai séculos que se leva presentando a cuestión da preeminencia ou non dun dereito natural fronte á lei dos Estados. Na Conferencia de Versalles de 1919, os pobos sen Estado quedaron espidos até que o concepto de xenocidio (do prefixo grego *genos*, especie, pobo, e do sufixo latino *caedere*, matar), forxado en 1944 polo xurista polaco-americano Raphael Lemkin, os tome baixo a súa protección. Os crimes cometidos antes e durante a Segunda Guerra Mundial colocan en primeiro plano a cuestión do individuo como suxeito de dereito das nacións. Un mesmo campo histórico, nacido da Ilustración, vía opoñerse deste xeito a universalidade dos dereitos do home coa soberanía do Estado-Nación.

Despois da fundación en Suíza, en 1863, da Cruz Vermella Internacional (denominada CICR en 1880), as Convencións de Xenebra de

¹⁶⁹ Dous meses máis tarde, en decembro de 1945, comeza a primeira misión de axuda de *Eretz Israël* nos campos de refuxiados en Alemaña.

¹⁷⁰ Entre maio de 1945 e decembro de 1949, o Reino Unido concédelles a cinco mil seiscentas “persoas á deriva” un dereito de entrada que lles permitiría recontrarse con membros da súa familia. Desta cantidade, cóntanse uns dous mil xudeus. Iso foi todo. Durante o mesmo período, Londres concédelles o dereito de entrada a cento cincuenta mil militares polacos acompañados das súas familias, a noventa e tres mil traballadores voluntarios procedentes do Leste de Europa, a quince mil prisioneiros de guerra alemáns, a oito mil ucraínos... Entre todos estes refuxiados, hai moitos antigos colaboradores dos nazis. *Cfr.* David Cesarani, “Le crime contre l’Occident”, en *La libération des camps et le retour des déportés*, Complexe, 1995.

¹⁷¹ Este apartado está baseado nas obras de C. Ambroselli, *Le Comité d’éthique* (PUF, 1990) e de Yves Ternon, *L’État criminel* (Seuil, 1995) ás que reenvío.

1864 e de 1906 crean as bases do dereito humanitario. As Conferencias da Haia de 1899 e 1907, que realizan un chamamento para que se vixie o respecto das “leis da humanidade”, veñen referendalo.

Pero a Primeira Guerra Mundial demostra a fragilidade do edificio. Durante o conflito, e inmediatamente despois, ve a luz a idea do crime de “lesa-humanidade”, alén das fronteiras e das nacións. O 24 de maio de 1915, a propósito do masacre dos Armenios, os ministros dos Asuntos Exteriores da Entente definen ese “crime de lesa-humanidade”, e catro anos despois, o delegado belga en Versalles fala deste tema en termos de “crime contra a humanidade”¹⁷². Pero a este avance do dereito internacional non se lle dá continuación porque en Versalles triunfa o Estado-Nación, e consecuentemente, nese marco non vai callar¹⁷³ a política de prevención do crime de Estado.

Os crimes da Alemaña nazi encóntranse polo tanto cun dereito internacional en barbeito. Esa é a razón pola que “o crime contra a humanidade”¹⁷⁴ estivese baixo a epígrafe de *crime de guerra* até o 18 de agosto de 1945”. En xaneiro de 1942, en Londres, dezaioito gobernos denuncian os crimes cometidos polo ocupante alemán en Europa do mesmo xeito que rexeitan recorrer á unha nova incriminación para sancionar os crimes cometidos polos nazis contra os xudeus alemáns. En outubro de 1942, de acordo co goberno americano, os británicos crean unha comisión de investigación sobre os *crimes de guerra*. Os soviéticos únense a estes inmediatamente e, por primeira vez, nomean a responsábeis alemáns. De aí, a idea de inculpar os órganos do Estado criminal, e de aí tamén a declaración dos Aliados do 17 de decembro de 1942 (*cfr.* cap.V). Finalmente, a declaración de Moscova do 30 de outubro de 1943 prevé levar os criminais aos lugares onde cometeron os crimes, onde serían xulgados por tribunais locais. Deste xeito, fusiónanse por primeira vez o código internacional sobre a guerra e os códigos penais locais. Pero aínda se precisa unha longa elaboración para que a noción de crime contra a humanidade sexa separada da do crime de guerra.

O memorando de Yalta, redactado a petición de Roosevelt e remitido o 22 de xaneiro de 1945, marca a culminación deste proceso: a criminalidade nazi soborda o marco caduco dos “crimes de guerra” porque manifesta a existencia dun “plano criminal” premeditado e, engloba por fin (e o cambio é propiamente revolucionario), os delitos cometidos a partir de 1933 contra os suxeitos alemáns. Esta achega ultrapasa a noción de “crime de guerra” para facerse cargo dos nacionais sen defensa. O respecto sacro-

¹⁷² Cómpre subliñar que despois da Primeira Guerra Mundial unha “Comisión dos Quince” preparara a comparecencia en xustiza dos “autores da guerra” e dos que violaron as “leis da humanidade”.

¹⁷³ Aínda que os xuristas traballan lucidamente sen seren seguidos, é verdade, polos gobernos. Así, Lemkin propón en 1934, en Madrid, durante a V Conferencia para a unificación do dereito penal, a noción de “crime de barbarie” contra a violación do *ius gentium*.

¹⁷⁴ Yves Terson, *L'État criminel*, Seuil, 1995, p. 29.

santo da soberanía de Estado queda rachado aquí. Xúlgase como criminal a un sistema político e non só os actos máis visíbeis deste. Até daquela, un Estado podía matar aos seus cidadáns sen ter que render contas a ninguén. A partir dese momento, a noción de “crime contra a humanidade” coloca os dereitos da persoa humana e o dereito natural por enriba do poder temporal dos Estados.

Os representantes dos “catro Grandes” (entre os cales se atopa Francia) reúnen en Londres durante o verán de 1945 para traballar sobre un documento preparatorio de orixe americana. Destas discusións saíu o acordo fundamental, denominado o acordo de Londres, o 8 de agosto de 1945, que crea o Tribunal Militar Internacional. O crime de guerra xa formaba parte do dereito internacional. O crime contra a paz fora debatido pero deixárase nas marxes do procedemento. O concepto de “crime contra a humanidade” é o único realmente novo: “(...) o asasinato, o exterminio, a redución á escravitude, a deportación e calquera outro acto inhumano cometidos contra calquera poboación civil, antes ou durante a guerra, e tamén as persecucións por motivos políticos, raciais ou relixiosos, cando estes actos ou persecucións, constituísen ou non unha violación do dereito interno dos países en que se perpetraron, foron cometidos como consecuencia de calquera crime que entra dentro da competencia do tribunal ou ten unha relación con este crime. (...) Os dirixentes, os organizadores, os provocadores ou os cómplices que tomaron parte na elaboración ou na execución dun plano concertado ou dun complot para cometer calquera destes crimes arriba definidos son responsábeis de todos os actos levados a cabo por todas as persoas en execución deste plano.”

Por primeira vez na historia do dereito internacional, nun eido que até daquela non coñecía máis cós Estados, o dereito de Nuremberg recoñécelle ao individuo a cualidade de suxeito de dereito. Nos doce xuízos posteriores, xulgados por un tribunal militar internacional, e que agrupan a “acusados dun mesmo tipo (ministros, médicos, industriais, maxistrados, etc.)¹⁷⁵”, o crime contra a humanidade é o único cargo inculpatório que se emprega.

Con esta base ábrese os xuízos de Nuremberg o 20 de novembro de 1945, en presenza dun tribunal militar interaliado, destinado a xulgar aos principais responsábeis nazis. O xenocidio xudeu, aínda que está presente ao longo de todo o proceso, queda “diluído” na marea de crimes nazis¹⁷⁶. Ningún dos vinte e un acusados¹⁷⁷, se declara culpábel deste cargo durante os dez meses que dura a audiencia. O veredicto faise público o 1 de outubro

¹⁷⁵ TERNON, *op. cit.*, p. 35.

¹⁷⁶ O sentenza non lle dedica máis ca dúas páxinas ao crime contra a humanidade fronte ás vinte e oito páxinas dedicadas aos crimes de guerra. Os únicos condenados por este cargo son von Schirach, *Gauleiter* de Viena e Stricher, director do periódico *Stürmer*.

¹⁷⁷ Estaban previstos vinte e catro: Ley suicidouse no cárcere, Bormann fuxiu e Gustav Krupp estaba doente.

de 1946, pronunciando once condenas a morte, tres absolucións e penas de cárcere que van dende dez anos até a cadea perpetua. A palabra *xenocidio* non aparece na sentenza do 1 de outubro de 1946, pero menciónase nos procesos seguintes. Para que atinxa a todo un grupo, defínese como unha “forma agravada de crime contra a humanidade”.

O xuízo dos médicos nazis (novembro de 1946-agosto de 1947), organizado por un tribunal militar *americano*, resulta ser un dos procesos máis importantes de entre todos os que se realizan con posterioridade ao 1 de outubro de 1946. A sentenza faise pública nos días 19 e 20 de agosto de 1947¹⁷⁸. Aquí aparecen nomeados os tres crimes esenciais cometidos pola Alemaña nazi: “exterminio biolóxico da raza xudía”, “eutanasia” dos enfermos mentais, e “manipulación dos corpos” en cadáveres vivos nos campos de concentración¹⁷⁹. A partir deste xuízo, nace o Código de Nuremberg, co que se lle outorga unha nova base á ética médica. Esa é a razón pola que cabía agardar que o dereito de Nuremberg se constituíse en nova fonte de dereito. De feito, a ONU crea en 1946, unha comisión de dereitos humanos e no ano seguinte unha comisión de dereito internacional. O 9 de decembro de 1948, á véspera de aprobar o texto da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, a Asemblea Xeral da ONU aproba por unanimidade a Convención para a prevención e a represión do crime de xenocidio. Con todo, non se define un medio concreto para defender estes dereitos. Acaba gañando o principio de non inxerencia, e con iso o dogma da soberanía do Estado. Os Estados arránxanse para facer do dereito de Nuremberg unha *paréntese* xurídica ditada polas circunstancias excepcionais da Segunda Guerra Mundial. E todo isto manterase deste xeito, aínda que a Convención de 1948 fose ratificada por case cen países, e aínda que algúns Estados, a instancia de Francia, introducisen a represión do crime de xenocidio nos seus respectivos Códigos penais (1994).

No resto dos doce procesos xulgados polos tribunais militares interaliados gaña a clemencia. Atácase máis aos axentes subalternos do crime có persoal de alto nivel, os executores de primeira liña son máis severamente castigados cós asasinos intelectuais, como os responsábeis dos trens, os construtores dos campos e crematorios, dos camións “especiais” e os subministradores do *Zyklon B*.

Os Aliados elaboraran unha lista de cinco mil criminais para estes doce xuízos. O número de acusados redúcese a cento oitenta e cinco a partir do mes de agosto de 1946, cando se abre o primeiro xuízo. A guerra fría, que ten os seus inicios nestes momentos, resulta ser unha beizón para os nazis porque se constitúe nun dos factores principais de clemencia cara a eles. Eses cento oitenta e cinco acusados son defendidos por douscentos seis avogados, dos cales cento trinta e seis foran membros do partido nazi.

¹⁷⁸ Houbo vinte e tres acusados, vinte eran médicos. Houbo sete condenados a morte executados en 1948.

¹⁷⁹ C. Ambroselli, *Le Comité d'éthique*, PUF, 1990, p.21.

Trinta e cinco dos inculpados quedan en liberdade, vinte e cinco son condenados a morte e o resto son condenados a penas de cárcere. En 1950, os Aliados occidentais deciden reducir a un terzo todas as penas de prisión. En xaneiro de 1951, permanecen encarcerados cincuenta acusados, e cando se promulga a primeira lei de amnistía en 1955, só hai vinte detidos nos cárceres das antigas zonas de ocupación anglosaxonas que participaron na destrución do xudaísmo europeo.

O 9 de decembro de 1948, a Convención das Nacións Unidas previra a creación dun Tribunal Internacional encargado de xulgar os responsábeis do xenocidio. Endexamais chegou a ver a luz.

Milleiros de responsábeis do xenocidio conseguen agocharse e algúns deles abandonan Europa. Son axudados por organizacións secretas de antigos nazis, (ODESSA, Organización dos membros das SS), redes católicas en Iugoslavia e en Italia, servizos secretos americanos que os empregan na loita anticomunista, e máis tarde, por algúns países árabes veciños do Estado de Israel. Pero moitos dos antigos nazis nin sequera se preocupan por agocharse, atopan a prosperidade na RFA (República Federal Alemá) e na Austria da posguerra como apacíbeis empregados ou empresarios. Dos trece millóns de Alemáns interrogados polas comisións de desnazificación, mantense a acusación contra tres millóns catrocentos corenta e cinco mil persoas. A mediados de 1949, só trescentas delas están a purgar unha pena de cárcere. Aquí interveñen as leis de prescrición (amnistía) de 1955 e de 1965.

Os antigos dignitarios prosperan en todos os eidos: Globke, antigo ministro de interior do Reich, que fora un dos redactores das Leis de Nuremberg de 1935 e o pai da medida que obrigaba a que todos os xudeus incorporasen os nomes de Israel ou Sara obrigatoriamente aos que xa posuían (1938), convértese despois da guerra en tesoureiro da cidade de Aix-la-Chapelle e chega a ser, en 1953, secretario de Estado á beira do chanceler Adenauer. A xustiza alemá (RFA) impón unhas penas a imaxe da truncada desnazificación. O SS, August Becker, membro do partido, especialista do gaseamento no “programa T4” e despois dos camións de gas, faise representante de comercio despois de 1945. En 1960, decláranlo incapacitado para soportar calquera tipo de interrogatorio e para sufrir calquera tipo de condena dado o seu estado xeral. O SS, Walter Burmeister, un dos responsábeis dos camións de gas, é condenado a trece anos de cárcere por complicidade no asasinato de máis de cento cincuenta mil persoas. Un dos responsábeis de Chelmno, Kurt Möbius, é condenado a oito anos de cárcere por cómplice no asasinato de cen mil persoas. O médico SS, Frank Six, que dirixiu un dos catro *Einsatzgruppen*, foi

condenado a vinte anos de cárcere en 1947, pero sóltano en 1952 e aparece como conselleiro de publicidade¹⁸⁰.

Outros viven como exiliados uns días tranquilos: é o caso de Brunner, responsábel das deportacións en Francia e en Grecia, que se converte nunha personalidade respectada en Siria. Mentres que o inventor dos camións de gas, Rauff, morre arrodeado dos seus en Chile en 1984.

Polo que atinxe a xustiza *polonesa*, hai que dicir que ignora as vítimas *xudías polonesas*. Así, o comandante Trapp, xefe do 101 batallón de policía responsábel da morte de oitenta e tres mil¹⁸¹ xudeus en Polonia en 1942-1943, é extraditado dende Alemaña a Polonia en outubro de 1947. Xúlgano o 6 de xullo de 1948 pero cun único cargo inculpatório: o asasinato de setenta e oito poloneses non xudeus executados en 1943 durante accións de represalia. Entre 1962 e 1967, a xustiza alemá abre xuízo oral contra douscentos dez antigos membros do centésimo primeiro batallón de policía. Estamos perante un dos raros xuízos que inculpa a axudantes do asasinato masivo, porque a meirande parte das instrucións abertas non conduciron a ningún tipo de incriminación. As penas que se sinalan non van máis aló de oito anos de arresto e a maior parte deles non chegaron a cumprilas ao aproveitárense das liberacións anticipadas por boa conduta e/ou por estado de saúde.

Adolf Eichmann, o primeiro dos executores da “Solución Final” en Europa, somérxese na clandestinidade no momento da desfeita alemá. Cítase o seu nome no xuízo de Nuremberg de xaneiro de 1946. Axudado pola organización ODESSA pasa a Austria en 1950 e despois a Italia e coa axuda dun frade franciscano embárcase cara a Arxentina co nome de Ricardo Klement. A súa familia réunese con el ao pouco tempo e vive tranquilamente até que en 1960 o servizo secreto israelí, o *Mossad*, o secuestra e o leva nun avión de ELAL (compañía aérea israelí de bandeira) até Israel. Por razóns históricas e políticas, o primeiro ministro de Israel, David Ben Gurión, quere que o xuízo ao nazi sexa o “Nuremberg do pobo xudeu”. O xuízo ábrese en Xerusalén o 11 de abril de 1961 despois de dez meses de instrución. A defensa de Eichmann corre por conta do Estado de Israel e concédeselle o visto e praxe aos avogados alemáns que escolle. O xuízo oral é retransmitido pola radio e seguido polo país enteiro. Eichmann declárase non culpábel “no sentido en que o entende a acusación” segundo as súas palabras¹⁸². A sentenza lese o 15 de decembro de 1961: pena de

¹⁸⁰ Cfr. *Pour eux...*, op. cit., pp. 252-262.

¹⁸¹ E da deportación doutros setenta mil cara a un dos tres “campos de exterminio” da operación Reinhardt.

¹⁸² H. Arendt, que fixera un seguimento do proceso (do que tirou unha obra rica e controvertida: *Eichmann à Jérusalem, Rapport sur la banalité du mal*) pola súa banda comentaba: “Á medida que escoitabamos a súa declaración, reparabamos que a súa incapacidade para expresarse estaba ligada estreitamente á súa incapacidade para *pensar*- para pensar, sobre todo, dende o punto de vista do outro. Era imposible comunicar con el, non porque mentise, senón porque se arrodeaba de mecanismos de

morte¹⁸³, que a lei israelí prevía dende a creación do Estado para este tipo de crimes. O Tribunal Supremo rexeita o recurso de apelación o 29 de maio de 1962, e despois do rexeitamento de indulto, Eichmann é executado o 31 de maio de 1962.

O xuízo axudou a concienciación da especificidade do xenocidio. Marca unha etapa importante na construción da memoria colectiva da Shoah, da mesma maneira que no plano xudicial, provoque o inicio doutros xuízos, concretamente os que se realizan na RFA nos anos sesenta (o xuízo de Frankfurt para o campo de Auschwitz e o xuízo de Düsseldorf para o de Treblinka, que ambos se celebraron en 1964).

IV.- Comprender?

“Para o futuro precisamos, desesperadamente, dunha historia verdadeira daquel inferno construído polos nazis. Porque estes feitos cambiaron e envelenaron o aire que respiramos, non só porque poboan os nosos pesadelos e impregnan o noso pensamento día e noite, senón tamén porque se converteron na experiencia fundamental da nosa época e tamén na nosa desesperanza fundamental¹⁸⁴” (H. Arendt).

Aplicámoslles a feitos novos esquemas antigos, reducimos ao descoñecido o *déjà vu* (“unha regresión bárbara”), e ao esquematizalo deste xeito, desnaturalizamos a verdade histórica e o seu alcance político. Por iso, cómpre que un mesmo movemento abranca o cuestionamento da modernidade técnica e burocrática, característico das sociedades de masa, e o concernente á parte humana situada nos límites da razón, onde se decidiu e se realizou a destrución de todo un pobo. Cómpre integrar na mesma voz a realidade da empresa e a súa ausencia de sentido.

A amplitude do desastre ábrele o camiño a unha historia de emoción, fráxil por natureza e mesmo errónea cando en nome do sufrimento soportado rexeita o criminal ao campo da inhumanidade, aínda que o crime sexa excepcional, os seus asasinos foron homes *correntes* e *modernos*. A emoción focaliza os extremos, mentres que soamente a normalidade gris se erixe en violencia diaria.

Resulta unha tarefa difícil escribir una historia en que as testemuñas sexan, por definición, superviventes. Ninguén pode contar o horror do camiión de gas ou da cámara de gas, ninguén escapou a este tipo de morte, ao contrario do que ocorreu noutros massacres da historia nos que se

defensa eficaces contra as palabras do outro, a presenza do outro e, seguindo ese camiño, contra a propia realidade”. (*op.cit.*, Gallimard, p. 61).

¹⁸³ Non sen suscitar importantes reservas que o filósofo israelí Gershom Sholem resumía da seguinte maneira: ao condenar á morte a un home que supostamente personifica a “Solución Final”, non se corre o risco de deixar entender que se fixera xustiza e que se podía pasar páxina definitivamente?

¹⁸⁴ “L’image de l’enfer” (1946), en *Auschwitz et Jérusalem*, Presses-Pocket, p. 154.

salvaron, deixados por mortos nos lugares de suplicio, e volveron máis tarde para testemuñar o que foi o seu inferno. A memoria social dos superviventes gaña sobre a memoria histórica, aquela dos mortos desta morte imposible de describir.

O coñecemento da Shoah cuestiona as prácticas sociais e os códigos que posuímos, rexistra os “espazos criminais”¹⁸⁵ en que vivimos, isto é, as sociedades modernas onde persiste a “desolación” e a “inutilidade” da persoa da que falaba Hannah Arendt. Cuestiona os fundamentos políticos que xenerou formas de opresión novas, unha cidadanía privada de substancia e uns cidadáns que non poden decidir sobre a súa propia vida, e todo isto, permanece intacto despois de 1945. Este coñecemento non é un saber corrente, transforma a quen o fai seu¹⁸⁶ e interroga en cada quen a súa parte de humanidade.

A Shoah marca unha transgresión irreversible ao planificar en toda Europa unha política de asasinato colectivo, ao situar ao seu servizo os medios lóxicos e a arquitectura administrativa dun Estado moderno co único fin de conducir as vítimas ao asasino para abatelos en lugares especialmente concibidos para este efecto e “tratalos” como se trataría unha “praga de bechos”. A Shoah remite ao que Habermas designaba como un “atentado á capa fundamental que establece a relación entre os homes”: a “selección” entre os que poden vivir e os que deben morrer.

O crime contra a humanidade non é nin o asasinato nin o número de vítimas. Da mesma maneira que Auschwitz non é o lugar da morte inflixida, senón, o lugar de asasinato de homes que, privados dos seus estatutos de persoa humana, foron destruídos da mesma maneira que se elimina o “gando, a lama, a merda” (P. Levi). O medio para o masacre, isto é, o gaseamento, non é un “detalle técnico”, senón que pola contra, asina o crime ontoloxicamente. Ao somerxer á vítima e o verdugo no anonimato da cámara de gas, négaselle ao primeiro a súa cualidade de ser humano mentres que ao segundo se lle concede a inocencia do criminal.

A Shoah quebra as categorías tradicionais do entendemento político, cuestiona os substratos culturais de Occidente, os da revolución industrial e os da Primeira Guerra Mundial, matriz do crime en masa. Cuestiona unha civilización, que ben antes de 1933, determina os “umbrais de humanidade”. A súa historia actualiza o avance do cuestionamento (a evolución ideolóxica do antisemitismo, o nacemento da sociedade de masa e do Estado Moderno) e o seu descenso (o habituarse ao rexeitamento nas nosas prácticas sociais, e no sentido máis amplo, o rexeitamento da identidade humana despois destes crimes). Na realización do xenocidio do

¹⁸⁵ C. Ambroselli, prefacio a A. Hautval, *Médecine et crime contre l'humanité*, Actes Sud, 1991.

¹⁸⁶ “De que vale a obstinación polo saber se garante só a adquisición de coñecementos e non en certa maneira a perturbación de quen coñece na medida do posíbel? Hai momentos na vida onde a cuestión de saber se se pode pensar doutra maneira e percibir doutra maneira da que se percibe é indispensable para continuar a mirar e reflexionar.” M. Foucault, prefacio a *L'usage des plaisirs*, Gallimard, 1984.

pobo xudeu non só se destaca o arcaísmo dun delirio milenarista, senón que tamén se pon de relevo a modernidade do biopoder¹⁸⁷. Dálle un lugar privilexiado ao Estado que só puido transformar unha patoloxía asasina en política xenocida. Non é tanto a natureza máis ou menos “democrática” do Estado o importante, senón que a súa esencia estea nunha burocracia que teña a orde como primeira preocupación e que á súa vez xestione unha poboación e a controle.

En todos os niveis, dende a preparación até a execución do crime, o “programa T4” e a Shoah cuestionan o poder de Estado. Tanto nos casos dos médicos nazis como nos dos “policías de orde” nos dos axudantes dos *Einsatzgruppen*, o aparello de Estado cristaliza a forma socialmente aceptábel do conformismo, vector do asasinato en masa máis eficaz ca calquera outro adoutramento ideolóxico. A modernidade que conxuga o tratamento en serie, o polo gregario e a administración cotiá, en fin, a facilidade de execución do crime cometidos por *homes correntes* que o asasinato en masa promoveu ao rango de elite da poboación.

Resulta tan difícil dicir o fondo deste abismo como pensar a súa realidade, falamos dos homes dos *sonderkommandos* que queiman día e noite milleiros de corpos. O sentido común, que razoa en termos de *utilidade*, queda derrotado por unha empresa totalmente *anti-utilitaria*. Os exterminios non son novos na historia pero, até a Shoah, tiñan todos, *tamén*, unha lóxica utilitaria: as riquezas, a terra ou o territorio nacional envexados. Neste caso, non. A forza de refuxiarnos nos clixés (a Shoah sería “o inferno na terra”: pero no inferno os demos atormentan sen fin uns culpábeis mortos; en Auschwitz, uns asasinos da humanidade banal fanlles sufrir un martirio a vivos inocentes), non vemos conforme é debido os vencellos pasados que unen os procedementos disciplinarios da idade moderna e o terror de masa no noso tempo; non percibimos ben os vencellos da nosa organización social á obediencia masificada dos criminais e ao tratamento en serie das vítimas.

A “cuestión xudía” é como o paradigma da historia europea porque conta como en filigrana os estreitos límites da modernidade política. Esta é a razón pola que lonxe de se edulcorar ou de se disolver, aínda aparece con maior centralidade na nosa historia.

A dimensión universal do crime non impide afirmar a especificidade xudía do desastre. O pobo xudeu herda unha memoria destrutiva e asemade fundadora dunha historia de desolación á que non lle segue ningunha redención (a creación do Estado de Israel fíxose *malia* a Shoah). Ten que vivir coa lembranza dunha condena a morte colectiva pronunciada en contra súa por un Estado Moderno. O propio procedemento de aniquilación

¹⁸⁷ “Se o xenocidio é un soño dos poderes modernos, non se debe á volta atrás na actualidade do vello dereito de matar; a razón é que o poder se sitúa e se exerce ao nivel da vida, da especie, da raza e dos fenómenos de poboación de masa” (M. Foucault, *La volonté de savoir*, Gallimard, 1976, p. 180).

negou, a través del, a noción de persoa humana. Auschwitz-Birkenau non foi só o epicentro do asasinato en masa, tamén constituíu un proceso de fabricación de cadáveres. A destrución do substrato humano que fai un humano sexa humano, esa desolación absoluta, afecta a partir de agora a cada ser humano na súa humanidade.

Sen embargo, a tendencia é a do esquecemento porque o rexeitamento do crime atinxe a súa propia dimensión ontolóxica. A Shoah é unha parte do *insoportábel* no cerne de Europa, enxendra culpabilidade recorrente, resistencia e vontade reiterada de “pasar páxina”. Pero os crimes xulgados en Nuremberg non clausuran unha época senón que a abren. Pola propia natureza do acontecemento do que dá conta, a súa ensinanza debe continuar como palabra aberta que sacode os discursos de conveniencia e reclama permanentemente a insubordinación da mente.

CONCLUSIÓN

“Morreron como gando, como obxectos que non tiñan nin corpo nin alma,
nin sequera un rostro sobre o que a morte puidese estampar o seu selo.
Nesta igualdade monstruosa, sen fraternidade nin humanidade,
– unha igualdade que gatos e cans poderían compartir –
vese a imaxe do inferno como se ela se reflectise nel.
Hannah Arendt (1946)¹⁸⁸

A xeografía e a historia de Europa están atravesadas polo espectro desta matanza masiva. Non hai lugar que non lembre a persecución afastada ou próxima, ningunha evocación xeográfica inocente, en todos os lugares as paisaxes e a toponimia remiten á prisión, á deportación e ás matanzas. O crime en masa contra a alteridade xudía é como os segredos de familia que perseguen aos seus contemporáneos. Os xudeus de Europa sufriron todo aquilo que un home pode temer en medio dun abandono case xeral para ir acabar por morrer na máis ignominiosa das mortes.

Esta catástrofe non cesa de cuestionar e trastornar a identidade xudía moderna, e non só iso, porque o xenocidio revela e presenta a sociedade en masa en si mesma. Provoca que se vexa a coexistencia da modernidade técnica e burocrática e un arcaísmo político e mental. Non só cuestiona a historia alemá e o antisemitismo europeo que ofrece o molde práctico e o cadro mental da persecución, senón que cuestiona sobre todo o poder moderno no sentido da súa xestión dos homes e da vida fundada sobre unha concepción bioloxizante da existencia. O nazismo xenocida non depende unicamente do espírito de destrución que podemos ver actuando ao longo de toda a historia humana, ilustra a precariedade do estatuto do cidadán nunha sociedade masificada sumisa a un Estado totalitario.

Despois de cincuenta anos de historia e ao revés de tantos outros feitos, a Shoah foi adquirindo maior importancia. Durante moito tempo foi considerado un epifenómeno da guerra, sen embargo, hoxe aparece como un acontecemento central. A reflexión sobre esta catástrofe, como a levada a cabo sobre a do crime contra a humanidade, pasa por unha política de conmemoracións, que cada vez máis a miúdo, organizan os Estados. Pero para que serve conmemorar se non se coloca en primeiro plano a cuestión

¹⁸⁸ “L’image de l’enfer” (setembro de 1946), en *Auschwitz et Jérusalem*, Presses-Pocket, 1993, p. 152.

dos dereitos do cidadán e dos dereitos da persoa humana fronte á práctica tentacular do Estado? Se a memoria institucionalizada deixa na sombra a cuestión clave das responsabilidades do aparello de Estado, esta arríscase a ser memoria ritualizada, non sobre a desgraza en si mesma, senón sobre aquilo que a fixo posíbel.

A Shoah achégalle ao mundo unha “nova sinistra”¹⁸⁹ e o seu eco non dá acabado de removernos o siso: a vítima non pertence á especie humana. A existencia política contemporánea pasa por un traballo de rememoración sobre unha civilización atacada polos alicerces. Implica asimesmo, un traballo de reflexión sobre o asasinato colectivo e a desolación na que a sociedade de masas, como a nosa, nos deixou ameazado a cada un de nós, no seu estatuto de *persoa humana*.

¹⁸⁹ Primo Levi

Bibliografía

- L'Allemagne nazie et le génocide juif*, Actas do Coloquio organizado pola EHSS en 1982, París, Gallimard, Le Seuil, 1985.
- Ambroselli C., *L'éthique médicale*, París, PUF, COL. Que sais-je? 1988.
- Arendt H., *Auschwitz et Jérusalem*, París, Presses-Pocket, 1993.
- *Les origines du totalitarisme*, París, Points-Seuil, 1972 e 1984 (1ª edición americana, 1951).
- *Eichmann à Jérusalem. Rapport sur la banalité du mal*, París, Gallimard, col. "Folio-Histoire", 1991 (1ª edición americana, 1966).
- Bédarida F. (dir.), *La politique nazie d'extermination*, París, Albin Michel, 1989.
- Billing J., *L'hitlérisme et le système concentrationnaire*, París, PUF, 1967.
- Borwicz M., *L'insurrection du ghetto de Varsovie*, París, Juilliard, col. Archives, 1966.
- Bracher K.-D., *Hitler et la dictature allemande. Naissance, structures et conséquences du national-socialisme*, París, Complexe, 1995 (1ª edición alemá, 1969).
- Browning Ch., *Des hommes ordinaires. Le 101 bataillon de réserve de la police allemande et la <<Solution finale>> en Pologne*, París, Les Belles Lettres, 1994 (1ª edición americana, 1992).
- Dressen W., Klee E., Riess V., *Pour eux <<c'était le bon temps>>. La vie ordinaire des bourreaux nazis*, París, Plon, 1990 (1ª edición alemá, 1988).
- Gilbert M., *Atlas de la shoah*, Editions de l'Aube, 1992 (1ª edición inglesa, 1982).
- Hilberg R., *La destruction des Juifs d'Europe*, París, Seuil, Folio-Histoire, 1991 (última edición americana, 1985).
- Hilberg R., *Exécuteurs, victimes, témoins. La catastrophe juive 1933-1945*, París, Gallimard, col. <<NRF-Essais>>, 1994 (1ª edición americana, 1992).
- Kogon E., *l'État SS*, París, Points. Histoire-Seuil, 1993 (1ª edición alemá, 1946).
- Kogon E., Langbein H., Rückerl A., *Les chambres à gaz, secret d'État*, París, Editions du Seuil, 1987 (1ª edición alemá, 1983).
- Langbein H., *Hommes et femmes à Auschwitz*, París, Fayard, 1975.
- Lanzmann C., *Shoah*, 1985. (Filme).
- Laqueur W., *Le terrifiant secret*, París, Gallimard, 1981 (1ª edición inglesa, 1980).
- Levi P., *Si c'est un homme*, París, Presses-Pocket 1988 (1ª edición italiana, 1947).
- Levi P., *Les naufragés et les rescapés. Quarante ans après Auschwitz*, París, Gallimard, 1989 (1ª edición italiana, 1986).
- Marrus M., *L'holocauste dans l'histoire*, París, Champs Flammarion, 1994 (1ª edición canadiense, 1987).
- Marrus M., Paxton R.O., *Vichy et les Juifs*, París, Calmann-Lévy, 1981.
- Le livre noir*, Textos e testemuños recollidos por Iiya Ehrenbourg e Vassili Grossman, Solin-Actes Sud, 1995.
- Le Monde juif*, revista do CDJC: *Il y a cinquante ans, l'insurrection du ghetto de Varsovie*, nº 147-148, abril 1993. [CDJC: Centro de documentación xudía contemporánea].
- Poliakov L., *Auschwitz*, París, Gallimard-Juillard, col. <<Archives>>, 1964.
- *Bréviaire de la haine*, París, Presses-Pocket, 1994 (1ª edición, 1951)
- Ringelblum E., *Chronique du ghetto de Varsovie*, París, Petite Bibliothèque Payot, 1995 (versión francesa de Léon Poliakov, 1ª edición americana, 1958).
- Segev T., *Le septième million. Les Israéliens et le génocide*, París, Liana Levi, 1993 (1ª edición israelí, 1991).
- Sereny G., *Au fond des ténèbres. De l'euthanasie à l'assassinat de masse: un examen de conscience*, París, Denoël, 1975 (1ª edición inglesa, 1974).

- Ternon Y., *L'État criminel. Les génocides au XX siècle*, Paris, Seuil, 1995.
Wieviorka A., *Déportation et génocide. Entre la mémoire et l'oubli*, Paris, Plon, 1992.
Wyman D., *L'abandon des Juifs. Les Américains et la <<Solution finale>>*, Paris, Flammarion 1987 (1ª edición americana, 1984).